

ACTA DA REUNIÓN DO 4 DE MAIO DE 2015 DA MESA DE CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS PARA A XESTIÓN DA VIXILANCIA E O CONTROL INTEGRAL DO RECINTO E DAS INSTALACIÓNS E O MANTEMENTO DOS SISTEMAS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS E DE VIXILANCIA.

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente 1º da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

Dª. María Soledad Soneira Tajés
Vicepresidenta 2ª da Mesa do Parlamento de Galicia

Dª. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

Dª. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 12,30 horas do 4 de maio de 2015, reúnen-se as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación dos servizos para a xestión da vixilancia e o control integral do recinto e das instalacións e o mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia.

Orde do día:

Punto primeiro.- Exame e avaliación da xustificación da oferta presentada pola empresa presuntamente incurso en baixa desproporcionada, e do informe técnico do Servizo de Réxime Interior.

Punto segundo.- Puntuación das ofertas presentadas e proposta de clasificación respecto do lote 2 (xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia).

Punto primeiro.- Exame e avaliación da xustificación da oferta presentada pola empresa presuntamente incurso en baixa desproporcionada, e do informe técnico do Servizo de Réxime Interior.

Á vista de que a oferta económica presentada por Segurlem, s.l. estaba incurso en baixa anormal ou desproporcionada, a Mesa de Contratación acordou na súa reunión do 17 de abril darlle audiencia á empresa para que, no prazo de cinco días hábiles, xustificara a valoración da oferta e precisara as súas condicións.

Con data de 23 de abril a empresa Segurlem, S.L., presentou escrito xustificativo das condicións da súa oferta.

Segundo se manifesta no informe do Servizo de Réxime Interior de 24 de abril a oferta, aínda que non deixa moito marxe de beneficio industrial, é suficiente para cubrir os gastos derivados da prestación do servizo sen menoscabo da súa calidade e do respecto ás disposicións relativas á protección do emprego e as condicións de traballo, polo que se considera que Segurlem, S.L. pode cumprir as prestacións obxecto do contrato de acordo co establecido nos pregos.

En consecuencia, á vista da documentación presentada pola empresa, e do informe técnico elaborado por Servizo de Réxime Interior, a Mesa de Contratación acorda dar por suficientemente xustificada a oferta presentada por Segurlem, S.L. e propoñer á Mesa do Parlamento a súa aceptación.

Punto segundo.- Puntuación das ofertas presentadas e proposta de clasificación respecto do lote 2 (xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia).

Procedese a continuación á atribución da puntuación obtida polas empresas respecto dos criterios avaliados mediante fórmulas. As ofertas presentadas ao lote 2 polas empresa concorrentes son as seguintes:

	Eulen Seguridad, s.a.	Sistemas de Seguridad A-1, s.l.	Cybsegur, s.a.u.	Segurlem s.l.	Integraciones Técnicas de Seguridad, s.a.
Prezo sen IVE	55.291,61 €	48.498,00 €	52.299,00 €	39.425,00 €	42.856,02 €
IVE	11.611,24 €	10.184,58 €	10.982,79 €	8.279,25 €	8.999,76 €
Total	66.902,85 €	58.682,58 €	63.281,79 €	47.704,25 €	51.855,78 €
Nº de horas tarefas extraord.	500	0	320	120	100

Da aplicación dos criterios cuantificables mediante a aplicación de fórmulas ás ofertas presentadas polas empresa, resulta a atribución da seguinte puntuación:

a) Prezo: de 0 a 48 puntos: Ponderaranse as ofertas de acordo coa fórmula:

$$\text{Puntuación } i = 48 \times \frac{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta } i}{\text{Orzamento licitación} - \text{oferta máis baixa}}$$

EMPRESA	Oferta	Puntos
Eulen Seguridad, s.a.	55.291,61 €	4,81
Sistemas de seguridade A1, s.l.	48.498,00 €	23,30
Integraciones técnicas de seguridad, s.a.	42.856,02 €	38,66
Segurlem, s.l.	39.425,00 €	48,00
Cybersegur, s.a.u.	52.299,00 €	12,96

b) Bolsa de horas incluídas no prezo para o desenvolvemento e a atención de tarefas extraordinarias: ata 3 puntos.

Non se valorarán oferta de horas inferiores a 300 horas. Ás empresas que presenten a mellor oferta adxudicaráselles a máxima puntuación. Ás demais asignaráselles a puntuación que proporcionalmente lles corresponda.

EMPRESA	Horas	Puntos
Eulen Seguridad, s.a.	500	3,00
Sistemas de seguridade A1, s.l.	0	0,00
Integraciones técnicas de seguridad, s.a.	100	0,00
Segurlem, s.l.	120	0,00
Cybersegur, s.a.u.	320	1,92

Procédese a continuación a calcular a puntuación total obtida polas empresas, sumándolle a obtida en base aos criterios avaliados mediante xuízos de valor. Resulta a atribución da seguinte puntuación:

EMPRESA	Criterios avaliados de forma automática por aplicación de fórmulas		Criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor	Puntuación Total
	Prezo	Horas		
Eulen Seguridade, s.a.	4,81	3,00	47,00	54,81
Sistemas de seguridade A1, s.l.	23,30	0,00	34,00	57,30
Integracións técnicas de seguridade, s.a.	38,66	0,00	37,00	75,66
Segurlem, s.l.	48,00	0,00	39,00	87,00
Cybersegur, s.a.u.	12,96	1,92	34,00	48,88

Polo tanto, á vista das puntuacións obtidas a Mesa de Contratación acorda propoñer á Mesa do Parlamento a clasificación das empresas concorrentes ao lote 2 (xestión da protección contra incendios e mantemento dos sistemas de protección contra incendios e de vixilancia, tanto dos actualmente existentes coma dos que se poidan incorporar no futuro), na seguinte orde:

- 1º. Segurlem, S.L.
- 2º. Integracións técnicas de seguridade, S.A.
- 3º. Sistemas de seguridade A1, S.L.
- 4º. Eulen Seguridade, S.A.
- 5º. Cybersegur, S.A.U.

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 12,50 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.


 Miguel Ángel Santalices Vieira
 Presidente


 María Soledad Soneira Tajés
 Vogal


 María Aneiros Gonzalez
 Vogal


 María del Carmen Fernández da Silva
 Vogal


 Santiago González Serrano
 Secretario